actividades para a clase actividades para a clase activida

para a clase actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase actividades

para a clase actividades para a clase actividades para

clase actividades para a clase actividades para



PlanLector

rodeira

Data ..................

Nome ..................

## ASPECTOS XERAIS E PERSONAXES

> «No alborexar dos tempos O, a bruxa nai, reinaba sobre todas as tribos coa axuda da maxia, impoñéndolles paz aos guerreiros, bendicindo os froitos da terra e propiciando a súa unión co lume, coa auga e co aire... O era fértil e tivo dúas fillas moi fermosas, Od e Om, ás que lles transmitiu a súa sabedoría. Nas súas fillas e nas súas tribos conflúen os dous mitos sobre as súas respectivas naturezas: as Omar, mortais, nais, xenerosas e vinculadas á natureza; e as Odish, inmortais, estériles, sanguinarias e poderosas.»

Esta lenda expón o conflito que estrutura a triloxía *A guerra das bruxas* e a loita entre as dúas faccións.

**1.** Fai unha listaxe dos diferentes personaxes, sexan bruxas ou non, que aparecen no libro e clasifícaos segundo a facción que apoian.

| OMAR | ODISH |
|---|---|
| | |

**2.** Pensa nos personaxes do libro e adiviña: Quen é quen?

> *«Ten 14 anos e é unha adolescente esmirrada, feíña e rexeitada polos compañeiros da clase. A desaparición da súa nai lévaa a descubrir verdades abraiantes e misterios centenarios. A aventura que supón a súa busca é unha viaxe longa e chea de perigos.»*

- - - - - - - - - - → ____________

Data ..........................

Nome ..........................

*«Filla de Deméter, da tribo escita, do clan da loba, da liñaxe das Tsinoulis. Alta e esvelta, caracterízase ademais pola súa longuísima e vistosa melena roxa e rizada que ondea aos catro ventos. De longas pernas, destaca pola súa simpatía e desenvoltura, aínda que ás veces peca de narcisista. Extravagante en moitas ocasións, pode ser aloucada pero tamén moi cariñosa.»*

--------------------→ ______________

*«Fillo de Cristine Olav, bruxa Odish, amante de Selene e pai de Anaíd. Provén da terra dos xeos, Islandia. O seu nome significa 'o Guerreiro da batalla'.*

*É alto, ancho de costas, de cabelo louro e longo, pel curtida e ollos de aceiro.*

*Ten o porte dun príncipe e a maxestade dun deus, segundo Selene no seu primeiro encontro nunha festa, disfrazado de viquingo.»*

--------------------→ ______________

*«É a dama de xeo, que vive no Ártico; preséntase ante Selene branca, translúcida e fermosa; o seu pescozo é longo e esvelto e ten maneiras exquisitas.»*

--------------------→ ______________

*«En O Clan da Loba, o primeiro libro da triloxía, empeza a saír con Marion, para desesperación de Anaíd; pero cando ela volve de Sicilia, topa cunha Anaíd guapa e atractiva que lle trae á memoria a súa amiga e compañeira da infancia.»*

--------------------→ ______________

Nome ........................ Data ........................

## 3. Sobre profecías e clans…

**A** Que profecías se recollen en *O deserto de xeo*? Cóntaas.

**B** Como se define un clan? Que clans aparecen no libro? Ambas as dúas faccións de bruxas están organizadas en clans?

**C** Como imaxinas a icona representativa de cada un dos clans? Pensa que representa cada unha e debúxaas.

Nome ............ Data ............

**4.** Convértete en locutor ou locutora de radio.

- Busca información sobre a autora do libro e prepara as preguntas que che gustaría facerlle nunha entrevista, tanto sobre a súa biografía coma sobre a novela.

Nome ............ Data ............

**5.** Neste libro a autora mestura dúas historias que transcorren en diferentes momentos.

- Como o fai formalmente para que o lector saiba cando se está a falar do que lle pasou a Selene no pasado e cando se está a falar do presente de Selene e do da súa filla?

- Na túa opinión, queda claro dabondo ou custouche entendelo? Por que?

**6.** En que persoa gramatical está escrito o libro? Cres que este feito ten algo que ver coa forma na que o lector recibe o relato? Que cres que quixo conseguir a autora con esta elección?

Nome ........ Data ........

**7.** A que xénero literario cres que pertence esta novela?

- Describe as características máis importantes deste xénero.

## CAPÍTULOS 1, 2, 3 e 4

**1.** A historia de *O deserto de xeo* comeza coa preparación da festa de despedida de Selene e Anaíd. E Anaíd recibe unha sorpresa inesperada...

- Quen vai á súa festa?

- Que lle ensina Anaíd á súa amiga? Que implicará iso no inicio da historia?

- Na festa de Anaíd, que é o que ocorre? Por que remata tan de súpeto?

Nome ........................................ Data ........................................

**2.** Neste momento do relato, Selene empeza a contarlle á súa filla o seu pasado.

- Por que decidiu disfrazarse cunha túnica bordada cunha serpe para a festa de Entroido cando era nova?

- Que erro cometeu ao facelo?

- Que pasou nesa festa de Entroido?



**3.** Busca no capítulo 3 as frases onde saian as seguintes palabras e cópiaas. Escribe unha definición, coas túas propias palabras, do seu significado.

**A** HANGAR

Nome ........................................ Data ........................................

## B ENCRUCILLADAS

## C PLAUSIBLE

## D FATÍDICA

Nome ................................ Data ................................

**E** LUME

**F** POLÍGLOTA

**G** ATESOURAR

Nome ........................ Data ........................

## H NIMIEDADES

4. Comenta o seguinte fragmento:

> «Quedei muda de horror. A noite máis feliz da miña vida fora unha noite de morte e desolación. Era inxusto. Ata a memoria me xogaba unha mala pasada. No calendario das Omar, a miña noite de amor quedaría rexistrada como unha data fatídica, unha data negra, con multitude de nomes de inocentes que invocar, na que se celebrarían ritos de purificación e se pronunciarían embruxos de repouso.»

- Quen pronuncia estas palabras?

- Explica o seu significado.

Nome ..................... Data .....................

**5.** Onde transcorre esta etapa universitaria da vida de Selene? Busca fotografías representativas desta cidade. Pégaas e escribe un pé de foto baixo cada unha delas coma se se tratase dun folleto de viaxes.

Nome .................... Data ....................

**6.** Despois deste episodio, Deméter, a nai de Selene, envíaa a unha pequena vila.

- Cal é?

- Que vai facer alí?

- É esa a vila na que vivirán, e da que terán que fuxir, Selene e Anaíd?

- En caso negativo, cal é?

Nome ............ Data ............

**7.** Reproduce o episodio da serpe.

- Que palabra escribe?

- Cal é a lenda de Baalat?

- Quen é Baalat?

**A** Un bruxo Odish experto nas artes da nigromancia que intenta facerse coa elixida.

**B** Un señor do reino Baal.

**C** Un animal máxico ao servizo das bruxas Odish.

**D** Unha bruxa Odish experta nas artes da nigromancia que intenta facerse coa elixida.

Nome ........................................ Data ........................................

**8.** Por que lle pesa tanto a Selene ser unha bruxa?

- Que pensas ti ao respecto?

- Cres que esa actitude ten algo que ver coa rebeldía xuvenil? Por que?

- Que entendes por rebeldía xuvenil?

- Ocórreseche algún exemplo?

Nome ........ Data ........

**9.** Cales son as dúbidas que lle confesa Anaíd á súa nai?

**10.** Conta a historia de Signy.

- Por que lla conta Gunnar a Selene?

- Cres que é unha ensinanza? Por que?

Nome ............ Data ............

**11.** Neste momento da historia Selene e Gunnar falan do destino.

- Que é o destino para ti?

- Cres nel? Por que?

- E para Selene?

- E para Gunnar?

- Busca a súa definición no dicionario e cópiaa.

**DESTINO**

Nome ........ Data ........

## CAPÍTULOS 5, 6, 7 e 8

**1.** Que descobre Selene en Urt?

- Cara a onde se dirixe tras a chamada da súa nai despois da súa investigación? Que ten de especial ese lugar?

**2.** O capítulo 5 titúlase «O xuízo das matriarcas». Explica por que.

**3.** Quen é a dama de Biblos?

**4.** Como deciden chamarlle as matriarcas a Baalat? Por que non queren pronunciar máis nunca o seu nome?

Nome ............ Data ............

**5.** No clan das matriarcas, Ingrid explica que Baalat foi unha experta nas artes da nigromancia.

- Marca a definición correcta deste concepto:

**A** Arte marcial da Antigüidade.

**B** Práctica supersticiosa que pretende adiviñar o futuro invocando os mortos.

**C** Escola pictórica na que prevalece a cor negra.

**6.** Como consola Valeria a Selene despois de que súa nai lles conte o episodio da festa de Entroido ás demais matriarcas?

- Que adxectivos usa para definir os defectos de Selene? Busca sinónimos.

- Ocórreseche algún máis?

**7.** Como remata a reunión das matriarcas respecto a Selene?

Nome ........................ Data ........................

**8.** Cando volve a Barcelona, que descobre sobre Meritxell e Carla? Como o descobre?

**9.**

«Entón fixen algo do que sempre me arrepentín. Hai xestos heroicos prescindibles, e ese foi un deles. Entregueille o meu coitelo sagrado, o que me fora concedido a min, e soamente a min. Naquel momento pensei que era unha forma de liberarme do clan, das Omar e do deber, e puxen o meu destino nas súas mans. [...]

–Podes matarme se queres, pero con iso non impedirás que Gunnar me ame.

Meritxell, cos ollos desorbitados, colleu a empuñadura dourada do meu *atame* e alzou o brazo con determinación. [...] Finalmente, o brazo caeu sen forza, e Mertixell, chorando, baixou a arma e cedeume o paso.»

- É importante este momento para o desenvolvemento da historia?

- Define «xesto heroico prescindible».

- Que é un atame?

- Comenta a reacción de Meritxell e de Selene.

Nome ............ Data ............

**10.** Por que Deméter fai que Selene se agoche?

**11.** Neste momento da historia Anaíd pregúntalle á súa nai se Meritxell estaba embarazada. Que lle contesta ela? Comenta esa frase.

**12.** Quen son Xulia Faure e Tareixa Mur?

**13.** Conta a escapada de Gunnar e de Selene.

**14.** Cal é a mensaxe que lle transmite Selene á súa nai coa carta que lle envía despois de fuxir con Gunnar?

- Paréceche que é valente, como ela di, ou que está fuxindo, como di Deméter? Por que?

- Deméter contesta a carta. Comenta e opina sobre as seguintes frases:

**A** *«O que non podes é renunciar á túa condición de Omar. Iso non depende de ningunha elección racional nin emocional. Iso forma parte do teu ser.»*

**B** *«Fuxir sinálate. Xa sabes o dito: quen foxe, algo esconde.»*

**C** *«Non é necesario que vaias ata os confíns da terra para te encontrar a ti mesma.»*

- Cres que son bos consellos? Razoa a túa resposta.

Nome ........................ Data ........................

**15.** Gunnar e Selene emprenden unha viaxe de fuxida polo Ártico: Nordland, Finmark, Vardo, Dorvö, Reine e Reiquiavik. Busca estes lugares no *Google Earth* e sinálaos no seguinte mapa.




**16.** Cal é a lenda do monte Domen que lles conta un camareiro aos nosos personaxes fuxidos?

.............................................................................................................

.............................................................................................................

.............................................................................................................

.............................................................................................................

.............................................................................................................

- Que diferenza ten coa historia que coñece Selene?

.............................................................................................................

.............................................................................................................

.............................................................................................................

.............................................................................................................

- Que maldición lles cae enriba?

.............................................................................................................

.............................................................................................................

.............................................................................................................

.............................................................................................................

**17.** Que pasa no baleeiro?

**18.** Como se dá conta Selene de que a súa vida está en perigo?

## CAPÍTULOS 9, 10, 11 e 12

**1.** A quen busca Selene cando chegan a Reiquiavik?

- Por que?

- Onde debe dirixirse?

Data

Nome

Data ..........

Nome ..........

**2.** Como se lles chama ás familias en Islandia?

- Seguindo esa forma, como te chamarías ti? E o teu mellor amigo ou amiga?

**3.** Que lle revelan as bruxas Omar a Selene despois de lle curar as feridas dos brazos?

**4.** Quen é a dama de xeo?

**5.** Por que queren exorcizar a Selene? Como reacciona ela?

Nome ............ Data ............

**6.** En que corpo se encontraba Baalat para poder debilitar tanto a Selene? Como acaba con ela?

- Despois de presenciar ese episodio, Gunnar non se sorprende de nada. Neste momento da historia cres que Gunnar sabe que Selene é unha bruxa ou non? Por que?



**7.** Selene e Gunnar, na súa fuxida da civilización, chegan a Groenlandia e alí encóntranse os inuits.

- Quen son os inuits? Busca e pega algunha foto.

Nome ........................ Data ........................

«Sinaleille a impoñente cima de Gunnbjorn Fjeld, que, cos seus catro mil metros coroaba emblematicamente a costa leste, e quíxenlle explicar que tiña unha tonalidade diferente, pero faltáronme os adxectivos.
–Fáltanme palabras para me referir aos distintos matices da cor branca.
–Os inuits posúen esas palabras. Teñen arredor de mil disintivos da cor branca.»

- Por que cres ti que os inuits teñen arredor de mil distintivos da cor branca?

- Na súa estancia entre eles, unha Omar do clan da foca, pronuncia o seguinte: «Vexo a brancura das neves engulíndoa». Que quere dicir? Que máis vaticina esa bruxa sobre o destino de Selene?

- Que comprende Selene a partir desa visión? E por outro lado, que dúbidas a axexan?

Nome ............ Data ............

**8.** No capítulo 12 descubrimos como Selene coñece por primeira vez a tristeza.

- Comprendes os seus motivos? Por que?

- Que é para ti a tristeza?



**9.** Despois da súa longa viaxe polos xeos, chegan á fin da viaxe. Alí Selene descobre que a súa viaxe á liberdade era, en realidade, unha viaxe á traizón. Explica por que.

Nome ........ Data ........

## CAPÍTULOS 13, 14, 15, 16 e 17

**1.** Cando Selene descobre que Gunnar é fillo de ........................................, comprende moitas cousas das que lle foran pasando.

- Explica o porqué:

**A** Da súa dilatada experiencia, da súa sabedoría, do seu cosmopolitismo e da súa infinita paciencia.

**B** Da tumba baleira do rei Olafr.

**C** Quen eran Ingar e Harald?

**D** Por que as bruxas Omar do clan das eguas a querían exorcizar?

Nome ........................ Data ........................

**2.** Cando descobre a traizón de Gunnar, Selene emprega palabras como dor, soidade, desolación, desgraciada, desgusto… para definir o seu estado emocional.

- Como definirías ti a traizón?

..................................................................

..................................................................

..................................................................

..................................................................

- Coñeces algún episodio no que foses traizoado ou traizoases a alguén? Podes contalo? Explica as túas emocións, sentimentos…

..................................................................

..................................................................

..................................................................

..................................................................

..................................................................

..................................................................

**3.** A partir deste momento, Selene argalla un plan para fuxir de Gunnar e salvar a súa filla Diana. Ordena esta parte da historia:

☐ Selene descobre que a grande osa branca é a súa protectora e que fora enviada polo clan da osa, avisado por Deméter.

☐ Aruk e Selene trazan un plan para escapar de Gunnar.

☐ Selene consegue que Gunnar marche uns días, para quedar soa.

☐ Gunnar volve antes do previsto e trunca, polo momento, o plan de Selene para fuxir.

☐ Selene utiliza a sortella que colleu na granxa de Gunnar.

☐ A osa fere a Gunnar e Selene escapa con Lea e coa súa osa protectora antes de que naza Diana.

☐ Os cachorros acabados de nacer de Lea son devorados por Narvik. Selene consegue salvar a Lea e un dos seus cachorros. A raíz desa experiencia, decide cambiar o plan de fuxida.

Nome ............ Data ............

**4.** Explica a relación entre os pendentes que Anaíd cre que lle regala Roc, cos que lle regala Gunnar a Selene. Que importancia ten ese feito na historia?

**5.** Busca os feitos, contados na novela, que lles dan consistencia aos versos sinalados da profecía de Om sobre a elixida.

«Verá a luz no inferno conxelado, 1
onde os mares se confunden co firmamento,
e medrará o espiñazo da terra, 2
onde os cumes rozan os astros.
Alimentarase da forza da osa, 3
medrará baixo o manto cálido da foca 4
impregnándose da sabedoría da loba 5
e, finalmente, deberase á astucia da raposa.»

**1**

**2**

**3**

**4**

**5**

Nome ........................ Data ........................

**6.** Cando acaba a incomunicación de Selene co seu clan?

**7.** Que poderes perde cando nace a súa filla Diana? Por que?

**8.** Por que non poden fuxir Selene e Kaalat cara ao norte e afastarse da dama de xeo e de Gunnar? Que camiño toma Selene?

**9.** Por que a dama de xeo, unha Odish, protexe a Selene e a súa neta de Baalat?

- Por que acaban aliándose unha Odish e unha Omar?

Nome ........................ Data ........................

**10.** Conta o motivo da decisión de Selene de facer o camiño de Om.

- Paréceche unha actitude valente? Por que?

- Ponte no seu lugar: que cres que farías ti? Por que?

- Cal é o perigo se Selene non consegue volver do mundo das sombras?

- Que consegue no mundo dos mortos?

Nome ............ Data ............

**11.** Que profecía lanza Baalat antes da partida de Selene cara ao mundo dos vivos?

- Que implica iso na historia do libro? É importante?

**12.** Sen o saber, Anaíd pide o regreso de Baalat, tal e como anunciaba a profecía. Como o fai?

**13.** Fai un resumo do desenlace deste libro.

- Paréceche un final aberto ou pechado? Por que?

Nome ........................ Data ........................

## A MODO DE CONCLUSIÓN...

**1.** Imaxina que es un ilustrador e que che encargan deseñar a portada do libro. Como a farías ti? Pensa que hai algúns elementos que deben aparecer nela, como o nome da autora, o título do libro, a editorial e a colección.

**2.** Agora imaxina que es músico e que che encargan buscar a música para a película *O deserto de xeo.* Que estilo de música poñerías? Por que?

........................................................................

........................................................................

........................................................................

........................................................................

- Podes escribir o título de cancións concretas.

........................................................................

........................................................................

........................................................................

........................................................................

Nome ............................ Data ............................

**3.** Busca palabras que poidan definir ou describir este libro. Pensa en palabras que puidesen servir para dar un titular de prensa sobre a publicación deste libro.

Exemplo: Clans, profecías e bruxas… todo un mundo de fantasía nesta novela.

**4.** O feito de que esta historia transcorra na actualidade, cres que fai que os lectores se poidan sentir máis identificados cos sentimentos e coas preocupacións de Anaíd e de Selene, aínda que a historia sexa fantástica? Por que?

**5.** Agora xoga a ser Maite Carranza…

- Como continuarías a historia no terceiro libro da triloxía? Explica só o argumento.